



CONCELLO DE SOBER. LUGO.

## BANDO

LUIS FERNÁNDEZ GUITIAN, alcalde do Concello de Sober fai saber:

En vista da actual evolución do COVID-19 (coronavirus), e seguindo, as directrices marcadas pola Xunta de Galicia e o Goberno do Estado, o Concello de Sober toma a decisión de aplicar unha serie de medidas preventivas para dar resposta a esta situación co obxectivo de contribuír a conter o virus.

### **Seguindo o decreto da Xunta:**

Suspéndese a actividade lectiva e extra escolar durante 14 días desde o vindeiro luns, no CEIP Plurilingüe Virxe do Carme na Escola de Hostelería da Fundación Belarmino Fernández.

### **Medidas articuladas polo Goberno local**

Cancelación de todas as actividades lúdicas, culturais e deportivas aínda que se manterán abertas as instalacións para calquera urxencia que poida xurdir.

Suspéndese a actividade no P.A.I (Punto de Atención a Infancia), na Escola Municipal de Música, na Escola Municipal de Teatro; suspéndese tamen as clases de ximnasia de mantemento, os cursos na aula de informática e as merendas con contos.

Na Oficina de Turismo recoméndase a consulta telefónica (Teléfono 982 460 161).

Recoméndase a comunicación preferente coas oficinas do Concello por medios telefónicos ou telemáticos ([info@concellodesober.com](mailto:info@concellodesober.com)) limitando ao estritamente imprescindible a atención persoal para minimizar o risco de cidadáns e traballadores.

Recoméndase non asistir a eventos nos que poida haber aglomeracións de xente, como feiras, mercados ou outro tipo de actos que poidan preverse multitudinarios.

Suspéndese a presentación do Mes do Amandi prevista para o sábado 21 de marzo e as actividades previstas para ese mes.

Suspéndese de xeito provisional a XL Feira do Viño do Amandi prevista para o 18 e 19 de abril, á que se lle buscará unha nova data en consenso cos adegueiros unha vez a situación mellore.

O Concello de Sober articula estas medidas por coherencia e responsabilidade e tendo en conta as recomendacións e as medidas tomadas desde o Goberno do Estado e desde a Xunta de Galicia.

Seguiremos informando en tempo real e adoptando cantas medidas sexan precisas ata a resolución desta situación de crise.

Recomendamos coherencia e sentido común e lamentamos as molestias que ocasione esta situación de excepcionalidade.

Agradecemos a cooperación e colaboración de todos e todas.



Concello de Sober

Praza do Concello s/n, 27460 - Sober (Lugo) Tlf: 982 460 001 Fax: 982 460 002  
e-mail: [info@concellodesober.com](mailto:info@concellodesober.com)